

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA A RECUPERACIÓN DO EDIFICIO MODERNISTA DO PARAXÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Oza Cesuras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Oza Cesuras para establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Oza-Cesuras para a recuperación do edificio modernista do Paraxón.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- Que ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a "*información e promoción da*



actividade turística de interese e ámbito local". Dita competencia é exercida neste caso polo Concello de Sanxenxo.

Segundo.- Que o artigo 148.1.18ª da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

Terceiro.- Que a celebración do Ano Santo Xacobeo nos anos 2021 e 2022 constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.

O Concello de Oza-Cesuras é consciente de que o seu patrimonio é o seu máis grande ben, entendendo Patrimonio no seu senso máis amplo, é dicir, o conxunto de bens dunha comunidade, incluíndo nese conxunto tanto os bens herdados como os de nova adquisición, tanto os naturais como os culturais. Partindo desta base o concello de Oza-Cesuras está levando a cabo, dende fai anos, unha serie de iniciativas cun obxectivo común: por en valor, é dicir, rendibilizar o seu patrimonio para dalo a coñecer, conservalo e para a promoción turística.

Cuarto.- O obxectivo do proxecto é poñer en valor un edificio modernista proxectado nos anos 20, nunha época en que a tuberculose provocaba unha preocupante mortalidade no noso país, situado nun enclave saudable, no medio dun dos bosques de piñeiro e eucalipto máis frondosos de toda Galicia, nunha zona catalogada como Reserva da biosfera Mariñas Coruñesas e Terras



do Mandeo. Coa rehabilitación proxectada pretendese dinamizar a contorna do Sanatorio de xeito que sexa parada obrigatoria de peregrinos, turistas, visitantes ou veciños da comarca, co fin de dinamizar o turismo da zona.

Desde un punto de vista económico e social, este proxecto permitirá configurar o Sanatorio como peza crave para a oferta e demanda do patrimonio, actuando como foco de atracción de visitas e recuperando a coherencia orixinal da visita dunha contorna incomprendible sen a retroalimentación de ambas as partes.

O principal obxectivo do presente proxecto é a execución da rehabilitación e ampliación a fin de obter así un aproveitamento do espazo existente na propia edificación. Para iso proxéctase rehabilitar a edificación existente, co fin de posibilitar o seu uso cultural.

Quinto.- Que no exercicio das súas competencias e funcións a Axencia Turismo de Galicia está interesada en apoiar ao concello de Oza Cesuras na súa mellora e posta en valor, como na atención e coidado ao peregrino. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o concello a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Oza Cesuras unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

